

XXIII
Certame
Literario

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

Manuel-Oreste
Rodríguez López

Nesta data da celebración da palabra e obra de Manuel Rodríguez López, como cita anual, na XXIII edición. É un acto máis do *APOSTOLADO* do noso autor, que segue na súa labor, iniciada na súa xuventude, ao que con tan só quince anos inicia a súa formación autodidacta, indagando nos poucos medios e lugares que tiña ao seu carón, di *“os meus coñecementos das letras galegas, ó comezo son moi sinxelos, pero a forte chamada da Terra, fixo que pescudara por bibliotecas e librarías co aán de descubrir mestres da nosa lingua”*. Sendo un dos seus primeiros achádevos, a revista *“Vida Galega”*, e un dos colaboradores que máis lle chamou a atención foi Padre Rubinos, profesor do Colexio Belén da Habana, e así tivo referencias do Centro Galego da Habana, despois de escribirlle e recibir un fermoso libro *“A xesta de como América naceu da Melodía”*.

Estes son os inicios da formación do Apóstolo da Cultura Galega, que xa non deixou en toda a súa vida, a formación, traballo, compromiso, libre e transparente. Que segue con esa primeira obra, que por certo está de aniversario, cincuenta anos (1968-2018) **Poemas populares Galegos**. Estamos pois nos anos da súa labor de poeta, narrador e incansable articulista de prensa, con milleiros de traballos. Durante mais de trinta anos, ata que o apraza e pasa a esa nova dimensión do Alén, dende onde segue a ser ese APÓSTOLO referente que orienta e dirixe a continuación da súa obra.

No 1990, co motivo da inauguración da primeira Casa da Cultura de Paradela, réndenlles homenaxe aos poetas lucenses: Manuel María †, Paco Martín, Eloy Caldeiro, Xavier Rodríguez Barrio e o músico Alfredo González Vilela interpretando poesía do Poeta de Paradela, nun acto popular, ategado de veciños e animado pola Banda de Paradela, que inter-

O apóstolo de Paradela

pretou varias pezas, entre elas o himno galego, dirixida polo director de Barrido, D. Pedro Rodríguez López.

Encetando así un resurxir de actos, que alentan a lapa do espírito do autor e xa non se detén, pois a interacción constante ao longo do tempo e abondosa nestes vinte e oito anos; basta achegarse a páxina web para ver a dimensión e repercusión da faceta que se está a producir.

Esta publicación que hoxe ve a luz, segue na pauta das anteriores, mais de oitocentos corenta traballos presentados, seguen a manter o nivel dos anos anteriores, o que acredita a estabilidade do certame no mundo cultural actual.

Agradecemento aos participantes e felicitacións aos gañadores, dun xeito especial a esa poeta novel, que acada o premio en poesía, acreditándose, que o noso certame é a canle axeitado para achegar aos poetas á sociedade.

Neste nadal cumpre Manuel oitenta e catro anos (11/12/1934) e digo cumpre, por que segue a estar entre nós, na súa faceta de apostolado.

Unha lembranza agarimosa para D. Xesús Alonso Montero, co motivo do seu noventa cumpre anos, persoeiro ao que agradecemos a súa colaboración no noso proxecto.

Bo Nadal e Bo ano 2019.

Paradela, Decembro 2018.

José Manuel Mato

Manuel Oreste Rodríguez López

Os grandes homes, os máis sabios e creativos que *“en el mundo han sido”*, deron vida a grandes descubrimentos científicos e literarios que, sen dúbida, impactaron na vida cotidiana das persoas.

Unha primeira reflexión faríanos crer que eses grandes acontecementos terían de por si forza suficiente para proxectarse de cara ao futuro sen mermas do seu esplendor. Pero a experiencia común suxírenos que non é así, porque o paso do tempo e a fragilidade da memoria humana erosionan, ocultan e desvanecen a grandeza dos maiores hitos da nosa historia. Quizás por esa circunstancia as sociedades máis primitivas e tamén as máis avanzadas, conscientes daquelas debilidades, organizan periódicamente eventos para celebrar os feitos máis relevantes do noso pasado.

Conmemoramos cada ano o Día do Libro en honra ao noso insigne Miguel de Cervantes, o célebre escritor de *Don Quijote de la Mancha*, a novela máis universal de todas cantas se escribiron en lingua castelá, e asimesmo instaurase tamén o gran premio nacional que leva o seu nome.

Celebramos cada ano o nacemento do noso Señor, acontecemento de carácter histórico-relixioso que conmocionou o mundo; do mesmo xeito, o Domingo de Ramos e a Pascua de Resurrección.

Exaltamos o día da Constitución para destacar os valores democráticos que recoñece e defende a nosa Carta Magna.

Festexamos o día das Letras Galegas co fin de enaltecer a importancia da nosa lingua e a dos literatos que sempre a usaron e defenderon (entre eles, o gran poeta humanista de Paradela); amén de outras moitas efemérides que se celebran ano tras ano.

Estas primeiras reflexións suxírennos que as grandes conquistas científicas e culturais, que nos legaron os nosos antepasados, deben renovarse, de cando en vez, para que o paso do tempo non tape a súa brillantez.

En coherencia coas consideracións anteriores, o concello de Paradela consciente do valor da obra creativa do seu gran poeta, Manuel-Oreste Rodríguez López, fillo predilecto daquel lugar, celebra cada ano un Certame Literario na súa honra para que a mensaxe humanista que el proxecta na súa obra se espalle non só entre as persoas máis cultivadas, senón tamén entre aquelas que lles quede algún grao de sensibilidade cultural. Os eloxios que merecen as obras creativas dos nosos ilustres literatos non deben durmir no caixón dos recordos porque collen óxido; deben divulgarse para que rexuenezan.

O XXIII Certame Literario, Concello de Paradela, Premios poesía e narrativa que, neste ano 2018, vaise celebrar coa participación de 848 obras, das cales 410 corresponden a cartegoría de poesía e 438 á de narrativa, xa nos ilustran da gran relevancia que adquire este Certame, máxime se temos en conta que as persoas participantes veñen desde os máis diversos lugares do mundo.

O poeta humanista de Paradela

O noso poeta, humanista por formación e tamén por vocación, vivencia no máis íntimo da súa conciencia un gran amor polas persoas máis humildes da sociedade, polas que sufrían as inxustizas da clase poderosa e as que teñen que irse a lonxas terras na procura dun cacho de pan para dar aos seus fillos.

O espírito do noso humanista verte bágoas no seu interior por mor da dor, da tristura que lle provoca o éxodo dos seres máis indefensos e, entre eles, as mulleres con fillos e as mozas... *“Onte chegaches para pedir traballo á gran cidade; que deixaches, dona, os cativiños e o marido nunha casoupa...da noite roubas horas de descanso e fas roupiña pros meniños teus; comes codelos para aforrar os cartos do longo mes...Donas e mozas a milleiros fuxen a terra extraña, procurando o pan... Fica ermo o pobo, soio quedan vellos, homes eivados, silvas, corgas, nenos...”*

“O meu poema, mesturado en sangue, alauda á probe e a emigrante cansa do vieiro longo, do camiño choído, desfeita en bágoas...Eu canto á dona que en lonxanos eidos soña os seus nenos!...Eu canto á moza que en cidade allea soña ca aldeia!...Eu canto á avoa que acanea á filla da súa filla!”

Non se cansa de cantar, unha e outra vez, a soidade na que vive o emigrante, nin de aldraxar *“á dona que no pazo folga e á burguesa que esqueceu a lingua e a caste súa”*.

Os seus pensamentos e sentimentos estiveron sempre guiados por valores humanos e enxebres... *“Que verde e garimosa a terra miña... a linguaxe que eu falo... e que escribín cheo de amor pras nosas xentes... onte vin un velliño cunha caíada que choraba na porta da igrexa sacra...Turistas, novos ricos, ningunha ollada lle deron ó pasar, pero dan cartos pro crego e máis pras ánimas sen lembrarse dos probes que soios bágoan”*.

Non olvida o recordo das nosas tradicións e costumes relacionadas cos traballos do campo; *“xa chegan as mallas. O pan enmedado, agarda o rapaz que ten que tiralo... gusta ver as mozas que falan berrando por mor do ruído do motor borracho...Gusta ver os mozos na palla carreando, valentes e fortes sen sentir cansancio... Acabado todo camiñan pra Pacios...”*.

A morriña que o acompañará sempre ao verse privado desde a súa tenra infancia da ledicia que lle producían as instantáneas labregas no entorno de Paradela prodúcelle unha gran queixume... *“Con saudade me lembro, Galicia, do maiguiño ranxer dos teus carros, que recrean con berros melosos os ouvidos do noble aldeano...Canto de ti me lembro, canto peno da terra emigrado...Terra que vai dende O Toural ó Loio, veiga onde nacín, doce, verde, cunca camiño do romeiro a Compostela...Polo mundo emigrante, triste, soio, estarei lonxe, pro...esquecerte nunca! Patria dos meus antergos, PARADELA!*

Ninguén pode presumir de máis amor ás persoas nin á súa terra que o gran poeta humanista de Paradela.

Lugo, 20 de outubro de 2018.
Ángel Fernández López

16.000 quilómetros

O proxecto Manuel Rodríguez López cumpríu en 2018 varios fitos importantes. Se na edición anterior falabamos de que o proxecto cumpría cinco anos, foi agora a exposición itinerante a que chegou a esta idade. En agosto de 2018 o Proxecto chegaba ó Museo da Fonsagrada, xusto cinco anos despois de ser inaugurada na Casa da Cultura de Paradela.

E despois de tanto tempo, este proxecto non esmorece, senón todo o contrario: Cando a exposición itinerante volveu de Valladolid cara a

nosa terra no mes de decembro, acadaba a cifra de 16.000 quilómetros acumulados en desprazamentos ó longo de toda a Península, e chegando incluso ás Illas Canarias.

Máis de cinco anos, máis de 16.000 quilómetros, pero sobre todo milleiros e milleiros de persoas que dun xeito ou outro participaron no Proxecto, que se achegaron a Manuel Rodríguez López, a súa vida, a súa ampla obra literaria, ó amor pola súa terra, e ó vencello establecido entre Galicia e Cataluña.

Resumimos a continuación o estado de proxecto seguindo as tres liñas fundamentais do mesmo.

Web (www.manuelrodriguezlopez.org)

O **portal web** de Manuel Rodríguez López, unha das máis completas webs que teña un escritor galego, recolle a **súa obra completa** e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.

Dentro dos **preto de 3 Gb de información** que posúe a web destacan unha completa base de datos sobre o Certame Literario de Paradela, e unha ampla colección de



de viaxe con Manolo

Por Antonio Giz

documentos, fotografías, vídeos, audios e recortes de prensa que reflicten a intensa actividade literaria e intelectual de Manuel Rodríguez López.

No seu sexto ano de funcionamento esta web recibiu máis de **4.000 visitas mensuais**. É dicir, máis de **100 persoas cada día** entraron nesta plataforma para descubrir ou coñecer mellor a Manuel Rodríguez López.

Exposición Itinerante

A **Exposición Itinerante** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez está formada por 16 paneis informativos, que poden ser vistos integramente na web. Esta exposición púxose en marcha en Paradelas, en agosto de 2013, e ten percorrido practicamente todas as vilas e cidades importantes de Galicia.

Ademais, visitou os Centros Galegos de Barcelona, León, Salamanca, Vitoria, as Universidades de Cáceres, Granada e Bilbao, e a Casa de Galicia en Madrid. En Portugal estivo no Centro Galego de Lisboa, na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva en Braga, da man da Universidade do Minho, e na Universidade de Faro.

Xa este ano, a exposición chegou a Palas de Rei, A Fonsagrada e ó Centro Galego de Valladolid. Pero o desprazamento máis destacado foi o da Casa de Galicia en Las Palmas de Gran Canaria, un novo fito no proxecto, que permitiu chegar aos 39 emprazamentos e aos 16.000 quilómetros que destacabamos ó inicio.

A madurez do proxecto Manuel Rodríguez López segue patente no **impacto cada vez maior que ten nos medios de comunicación**, tanto en papel como en Internet. Se as primeiras exposicións practicamente non tiveron presenza nos medios máis aló do anuncio nos



16.000 quilometro de viaxe con Manolo

medios locais, hoxe en día conservamos na web centos de referencias ó proxecto en Internet, xornais, radio e televisión.

Manuel Rodríguez López, 25 anos despois

Dentro das publicacións impresas, seguimos adiante coa difusión das **reedicións de dúas publicacións** de grande importancia no proxecto: a Antoloxía Poética, creada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez, e o folleto que recolle todos os contidos da exposición itinerante.



As obras de Manolo Rodríguez tamén seguen ao dispor do público na **Biblioteca Virtual de Galicia Digital** (<http://bibliotecavirtual.galiciadigital.com>), que periodicamente vai incorporando novas obras do autor: nestes intres son 12 os libros publicados, pero esta cifra vai incrementándose pouco a pouco.

Pero a novidade editorial do ano 2018 foi “**Manuel Rodríguez López, 25 anos despois**”, un libro que recompila os traballos de medio cento de persoeiros da política e da cultura galega, e de participantes no Certame Literario de Paradela, en torno á figura de Manuel Rodríguez López.

Son textos (e ilustracións) elaborados en conmemoración do 25 aniversario do pasamento do autor, que tamén están na web do proxecto, e que agora en papel se converten na mellor testemuña da fonda pegada que Manolo deixou en todos aqueles que o rodeaban.

Destacan as colaboracións do alcalde de Paradela (Xosé Manuel Mato), os responsables de Cultura da Deputación de Lugo (Antón Bao e Mario Outeiro), os secretarios Xerais de Política Lingüística (Valentín García) e Cultura (Anxo Lorenzo), artistas gráficos como Álvaro de la Vega e Siro López, e autores da talla de Adolfo Abel, Xesús Alonso Montero, Xavier Rodríguez Barrio, Darío Xohán Cabana, e moitos outros.

Agradecementos

Se falabamos ó principio dos milleiros de persoas ós que chegou o proxecto, debemos falar tamén de todos aqueles que fan posibles todas estas accións.


De todos os colaboradores que aportan materiais para a web ou para as publicacións do proxecto.

Dos equipos responsables de cada un dos centros onde levamos a exposición itinerante, que sempre nos reciben co maior agarimo en interese, e fan todo o posible para que cada acto sexa un éxito.

De todas as institucións e entidades que incansablemente, ano tras ano, dan o seu soporte e o seu pulo ó proxecto: a Familia de Manuel Rodríguez López, o Concello de Paradela, a Deputación Provincial de Lugo, a Real Academia Galega, a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Daquelas persoas que son especialmente sensibles ó noso obxectivo e están presentes, dun xeito ou doutro, cada vez se lles necesita, aínda que non se lles pida: Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero, Valentín García...

A todos eles, Grazas. De corazón. Non podemos dicir moito máis, pero si comprometernos a seguir adiante co proxecto, a seguir cumprindo anos, a seguir percorrendo quilómetros, da man de Manuel Rodríguez López.



Antonio Giz

Director de GaliciaDigital

50 Anos despois

Bodas de ouro do libro “Poemas Populares Galegos”

Neste ano 2018 cúmplese o 50 aniversario da publicación de “Poemas Populares Galegos”, o primeiro libro de poesías de Manuel Rodríguez López, o autor que da o nome ó Certame Literario de Paradela. Manolo foi un home humilde e sinxelo, que naceu en Paradela e emigrou cos seus pais, cando só contaba seis anos de idade, a Barcelona, cidade na que residiu a maior parte da súa vida. Faleceu en Lugo ós 55 anos, 22 anos des-



Manuel Rodríguez López

pois da publicación deste seu primeiro libro. Ó longo desas dúas décadas e dous anos, este escritor polifacético chegou a ser un recoñecido poeta, o Cronista Oficial dos Galegos en Catalunya e Fillo Predilecto de Paradela, entre outros recoñecementos.

Despois da súa morte en 1990, a vida regaloulle unha segunda oportunidade. O seu Concello natal de Paradela e o Proxecto Manuel Rodríguez López son dous dos motores que manteñen vivo o legado do noso poeta. Tamén contribúen a elo outros moitos amigos, admiradores e institucións, que levan honrando ininterrompidamente a Manolo ó longo das tres últimas décadas.

Todo comezou cando a Editorial Celta de Lugo publicou, no ano 1968, unha antoloxía de poemas do xove emigrante galego. Un xove que escribira os seus primeiros versos en galego no ano 1950, cando era un rapaz de 15 anos. Temos constancia que empezou a escribir poesía en galego días despois de voltar a Barcelona tras disfrutar do seu primeiro reencontro con Paradela, no verán de 1950, que non acontecera desde que tiña seis anos. Como deixou escrito o amigo Darío Xohán Cabana na Poesía Completa de Manuel Rodríguez López que el mesmo editou e prologou, Manolo era *“un raparigo que, lonxe da Terra, reinventaba el só a literatura galega sen contacto ningún cos escritores vellos e novos que en Galicia empezaban a facer o mesmo naqueles anos terribles”*.

No periodo comprendido entre 1950 e 1968, Manolo creceu como poeta e como galego, fíxose un bo poeta e un galego comprometido, plasmando en verso as súas vivencias como emigrante forzosamente alonxado da súa Paradela amada.

Manolo foi un poeta autodidacta. Soubo sacar partido da súa sólida formación humanística e cultural adquerida no seminario para formarse e crecer como poeta. Leu avidamente ós poetas maiores e menores da literatura galega para modelar e modular o propio verso,

do inicio

de Manuel Rodríguez López

Por Santiago Rodríguez López

primeiro a partir de libros en galego en bibliotecas de Barcelona, logo mercando os libros da editorial Galaxia.

De xeito sobresaínte, mantivo correspondencia epistolar con destacadas figuras da literatura galega da época en relación cos seus Poemas Populares Galegos. Entre a correspondencia mantida con estes importantes persoeiros atópanse, en orde cronolóxica, cartas de Xosé Rubinos, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Sebastián Martínez Risco, Basilio Losada Castro, Manuel María, Xosé María Álvarez Blázquez, Manuel Puente, Xosé Neira Vilas, Xesús Alonso Montero e Leandro Carré Alvarellos.



Foto de Manolo que aparece na contraportada de Poemas Populares Galegos

Todos estes documentos están recollidos e comentados, xunto co contido íntegro de Poemas Populares Galegos, nunha Edición Especial conmemorativa do 50 Aniversario da publicación deste primeiro libro publicado por Manuel Rodríguez López. Esta edición especial é accesible a través da Biblioteca Virtual de GaliciaDigital (<http://bibliotecavirtual.galiciadigital.com/>).

Tal e como o mesmo Manolo deixou escrito na súa poesía inicial recollida en Poemas Populares Galegos "Xaniño", e tal e como quedou demostrado ó longo da súa vida e obra, resulta evidente que Manolo non escribiu para verse "coroado co trunfo/ e por miles de beizos declamado". A devoción polo berce natal, por todo o que resume Galicia e galegitude, a emigración, a saudade, as inxusticias sociais, son elementos claramente visibles nos seus Poemas Populares Galegos e que Manolo mantería presentes ó longo da súa obra.

Porque Manuel Rodríguez López escribiu con sinceridade a realidade que lle tocou vivir. O seu legado, iniciado hai 50 anos coa publicación dun sinxelo pero importante libro, reflicta unha realidade compartida por innumerables coetáneos seus. Nun extenso escrito arredor de Poemas Populares Galego, Eliseo Bayo suliña: "Sus poemas no se limitan a contemplar una realidad, sino a intentar cambiarla" ("El poeta, el economista y el exodo de los hermanos". Destino nº 1630. Barcelona 28-12-1968).

50 anos despois do inicio, a realidade vivida por Manolo, da que temos constancia gracias ó seu legado que el construíu cun traballo afervoadado, metódico e constante, axuda a que comprendamos o noso pasado. Ó mesmo tempo, a mensaxe escrita nos seus versos, e tamén na ampla e valiosa obra en prosa que nos deixou en herdanza, ten similitudes co noso presente e representa un dos moitos puntos de referencia que nos poden axudar a construír un futuro mellor.

50 anos despois do inicio

Reproducimos a continuación unha pequena selección dos seus versos publicados en Poemas Populares Galegos. Os poemas seleccionados son unha pequena, e subxetiva, representación das catro partes diferenciadas nas que Manolo dividiu o seu poemario.

XANIÑO,

coidas de minorías o meu canto,
que comprenden moi poucos
a linguaxe que eu falo.

Millor sería,
dis, que escribira ó xeito castellano
pra que me leran
os nosos e os estraños.

Te-la túa razón:
ólla-las cousas desde oposto plano,
tes moi bos sentimentos,
queres verme coroado
co trunfo
e por miles de beizos declamado.

Non percuro iso. Pódocho xurar.

Quen me deu folgos –como doe contalo–
pra escribir, non foi, non, a fácil gloria:
Foi a emigración que mágoa tanto,
a dor do noso pobo
de aldraxes farto.

Non teimei escribir pró señorito
nin pró rendista ní'o señor fidalgo
envolveito en amores,
con forte lume e bo xantar nos pazos.

Escribín, cheo de amor, prás nosas xentes
que, á forza, camiñaron
deica lonxanas, estranxeiras terras,
en percuro de pan e traballo,
fóra dos pais e dos fillos,
nos corazóns sangrando.

Escribín pró labrego que inda ESPERA,
revolvendo terróns co vello arado,
a traballar de lusco a fusco, sempre...
pra comer sen compango.

Escribín na linguaxe adeprendida
xunto á lareira, de ña nai nos brazos.

Escribín, tal cal penso,
pra contarche millor o noso pranto.

Barcelona, 1968

ALONXADO DAS TÚAS RIBEIRAS,
os teus soutos, devesas e prados,
polo mundo magoado camiño
dende os tenros inxeles seis anos;
mais teu doce recordo por sempre
no meu peito acochei con agrado.

Enxamais esquencín isa terra,
agra verde onde brincan os anxos,
que sostivo meus calcos primeiros,
inseguros, con tento aloucado,
e escoitou miñas verbas trabadas
con tateos de novo paxaro.

Terra meiga cuberta de frores,
paroleiros, pequenos regatos,
coma nunca cubizo teus aires
no recendo da xesta aromados.
Túas frías mañás invernais
con folepas de neve xogando.

Teus solpores nas noites do vrao
cando torna dos montes o gando
e as galiñas encetan un sono
e camiña marela no espacio,
cos seus cornos, tristeira, a luíña
de alongados cabelos dourados.

Con saudade me lembro, Galicia,
do meiguíño renxer dos teus carros,
que recrean con berros melosos
os ouvidos do nobre aldeano.
E recordo teus días de mallas
cando o sol cae fervendo nos agros
e as ribeiras no mes de setembro
que respiran co zucre dos acios,
e os castiros que pechan o froito
nos marelos ourizos gardado.

Canto sempre de ti che me lembro,
canto peno da terra emigrado!

Se eu tivera da brisa as cantigas,
que nas ponlas desfai dos carballos;
se eu soupera tecer tenros chíos
como o fan algareiros paxaros.
Se da lira soupera o segredo,
se meus foran os beizos dos fados,
eu cantara teus feitos de gloria
na linguaxe que falan os anxos;
pro cativos os probes meus versos,
sen miolo, no vento broslados,
son tan soio parabras sen fondo
dun galego de amores magoado.

Barcelona, 1956

QUE TEN O MENIÑO
que sen parar chora
coas maos na cariña,
de pé xunto á porta?

Pegoulle algún neno
pra quitarlle as bólas?
Quizais lle mordeu
o can a pelota?

Que ten o meniño
que sen parar chora?

Cediño, moi cedo,
na cara bicouna

pero a mai, calada
non daba resposta.

Seus ollos pechados,
sen coor a boca,
as meixelas brancas,
frías como a lousa.

O neno, moi cedo,
na cara bicouna;
a mai, dormidiña,
non daba resposta.

PARADELA

Festas de San Miguel e das Delores,
campás da igrexa, ledas ou tristeiras,
camiños dondos, corgas costaneiras,
noites de luar, no vrao, longos solpores.

Namela onde collía brancas froes,
noces, figos, amoras das silveiras,

terra de mozas, ledas, cantareiras,
que tes que mórome de mal de amores?

Terra que vai dende o Toural ó Loio,
veiga onde nacín, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.
Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro... esquecerte nunca!
Patria dos meus antergos, Paradela!

50 anos despois do inicio

.ONDE ESTÁN OS TEUS FILLOS? ONDE
ANDA A MOCEDÁ?

que facedes, meus vellos, nisa pecha soedá?

Fuxiron a outras terras en percuo de pan;
enxamais ó seu pobo, quizaves, tornarán.
Traballaban, coitados, tod'as horas do día
na fogaxe do vrao e na crúa inverniá,
pra manterse de caldo, cachelos e touciño,
na lama e no trolleiro fozando do camiño.
Indo ben as estrelas, dá perdas o centeo;
que choven os trabucos, afogantes... arreo...
O intermediario paga os pitos e as patacas
a prezos de miseria pra enche-las súas sacas
e o becerreiro gana nunhas horas de trato
o que o noso labrego perde por moi barato.
Fican pra monte as bouzas; cheos de toxos os soutos,
as ribeiras sen acios, o lobo inza os picoutos.

Non hai xeito de darlle. Non se pode amañar;
por iso os nosos fillos tiveron que emigrar.
«Hai que industrializarse, esquecer xeitos vellos...
concentración de leiras, pinos...» Cantos consellos!
Estatística dice que no agro sobra xente
e que o vinte por cento quedará escasamente...

Fai anos que te abura o mal fado, Galicia.
Trunfará, se non loitas, mil anos de inxusticia.
O gran señor das granxas devanou moito o seso
e volve o feudalismo co mandil do progreso.
Se axiña non esganas o Sino caciqueiro
que che atenaza a ialma e choe teu vieiro,
irás esmorecendo cal triste fol sen vento,
ollando como alanca veloz teu pasamento.

CASTRAPO

SI, MEU NENO,
Falan castrapo.

Son señoras da vila.
Falan bruando.
Chaman ós seus meniños
cun berro estraño.
Empregan unha lingua
de xeitos raros,
deprendida na escola,
nos vellos pazos,
na botica, no cine
e no igrexario.

Pra distinguirse sempre
do probe aldeano,
interpoñen adrede
ise valado
entre a caste dos ricos
e a dos escravos.

Isas mais ós meniños,
anxos xogando,
ensinan o linguaxe
dos castellanos,
esmaiolado o probe

con erros tantos,
que un burgalés chorara
se ouvir falalo.

Elas coidan, ouh parvas,
que o castellano
abriralles camiño
ós fillos, doado,
e mañá fará diles
cregos... fidalgos...
Non saben que o seu circo
élles vedado
e en Castela tamén
o mesmo fado
atenaza ós que viven
do seu traballo.

Atende o rogo, neno,
que hoxe che fago:
Non cámbie-lo galego
polo castrapo.
Adeprende linguaxes
dous, tres ou catro.
Ingrés, ruso, francés
e castellano,
pro endexamais renegues
do idioma patrio.

O xeito pra varrer
o cacicado,
non se dá ca humildade
nin con alaudos,
que canto máis os louves,
ouh malpocado,
máis te esmagarán iles
ben esmagado.

A unión da nosa caste
fará o miragro;
desvencellados, somos
parías escravos.

Xamós e lacós sobran,
sobran regalos.

O que queira comelos,
poña o traballo.
Se iles son dunha caste:
«O cacicado»,
nós somos doutra caste:
«A do traballo».

Se iles falan e pensan
no seu Castrapo;
nosoutros falaremos
o Idioma Patrio.

Vencellados, meu neno,
nós, «Os escravos»
crebarémo-lo Sino
en mil anacos.

ATOPEITE MOI LONXE DO NATIVO LUGAR.

Contáchesme, chorando, o teu longo historial.
Co teu home fúxiches pra terras estranxeiras
porque medran na patria somentes as carqueixas.
Somentes medran toxos, somentes curriolas,
que espiñan, mágoan, firen, zugan, matan e afogan.

Ó coidado da avoa o teu fillo quedou
e o teu peito, esgaxado, caíu na emigración.
Na diáspora, coitada, cantos ollos mollastes!
Servistes ó burgués. Os seus fillos lavaches,
de sol a sol: traballos. A testa sempre baixa,
olladas que non saben dun fillo que moi lonxe
escoita á súa avoa mil veces o teu nome,
siñores que che pagan puntualmente ó mes
o que iles esborrallan unha noite en pracer.

Emigrante que choras, quen rozará as silveiras,
os toxales e os cardos que inzan a túa terra?
Cando coidas tomar a carón do teu neno?
Pra que emigraches, di, co teu home ó estranxeiro?
Esqueciches que hai xugos, esqueciches que hai
fouces?

Encamiñate axiña a carón do meniño
que chora polos país e polo seu garimo.
Cal nova Rosalía, peta de porta en porta
e xungue nunha arela a Patria que se escoa.

Dille ós homes que forxen cen fouces e gadañas
e que rocen as silvas que corren polas agras.
Berra, muller galega, pra que o teu home esperte.
Cóntalle que os desertos se tornan en verxeles.
Espíricalle que un pazo son milleiros de pedras
e o tren que vos levou, moitas ducias de pezas.

Esgánate berrando por aldeas e vilas
que as pallas fan os mollos, que as augas fan as
rías.

Dilles, muller galega, que a Unidá enxendra forza!

Esgánate berrando pra que a Patria non morra!

Manuel Rodríguez López
Do libro "POEMAS POPULARES GALEGOS"
(Editorial Celta, 1968)

Bases da XXIII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

PRIMEIRA.- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA.- Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

TERCEIRA.- Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética iniciase o día un de outubro de 2017 e rematará o trinta de novembro de 2017.

Enviárase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa)

Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradelas-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta oix.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterà, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.

- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

Modalidade: Narrativa e Poesía

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

CUARTA.- Premios.

Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de poesía e outro de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de narrativa.

O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder ata tres mencións de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2018 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello www.paradela.es e www.concelloparadela.es; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Os autores que resulten galardonados cos premios, accésits e mencións de honra non poderán solicitar unha vez producido o fallo que non se publique a obra ao non haber obtido premio con dotación económica e haber concurrido a outros certames coa mesma obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXIII Edición.

SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 22 de maio de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Documento asinado electronicamente á marxe

Acta do Fallo

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e quince minutos do día trinta de maio de dous mil dezaoto, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; D^a. Mariña Gueimunde González (Xefa Territorial da Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Grego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) e D. Ángel Fernández López (escritor e fillo predilecto de Paradela) como vogais; e D. José López González, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, D^a. Mariña Gueimunde González, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse oitocentas corenta e oito (848) obras, das cales catrocentas dez (410) corresponden á categoría de poesía e catrocentas trinta e oito (438) á de narrativa.

Foi retirada unha (1) obra a instancia do autor; por resultar gañadora noutro Certame; polo que se someteron ao exame do Xurado, oitocentas corenta e sete (847) obras.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema “Tecendo verbas” e titalada **VERSOS DE OUTONO**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Sofía Carril Calvo** de Arcos de Valdeorras- Vilamartín (Ourense).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**.

-**Primeiro Accésit**, a obra co e lema Dylan e título **BAILE DE MÁSCARAS**, cuxo autor é **D. Alexander Aguilar López**, de Cuba.

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o título **COMO LA NIEVE ENTRE**

da XXIII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

LAS MANOS DE UN NIÑO cuxo autor é **D. Luis Lexandel Pita García** natural de Matanzas Cuba.

As mencións de Honra recaeron, na obra baixo o lema e título **KENSHŌ**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Simón Iglesias Posse**, de Santa Cruz – Oleiros (A Coruña) e a obra co título **A OUTRA MIRADA**, cuxo autor é **Don Obdulio Alonso López** de Casas de Don Pedro (Badajoz).

SEGUNDO.- Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o pseudónimo **Don Juan Balbuena** e co título **LA REBELDE PACÍFICA (O LA HACEDORA DE VERSOS INDOMABLES)**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Juan Carlos Pérez López** natural de Torreperogil (Jaen) e residente en Bormujos (Sevilla).

Asemesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**.

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o lema e título **REDENCIÓN**, compróbase que a súa autora é **Dona M. Victoria Rebollo Bote**, natural de Al-mendralejo (Badajoz) e residente en Valencia.

- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o lema **Aqueles anos difíles** e titulada **LUCÍA**, sendo o seu autor **Don Santiago Casal Quintáns** natural de Santiago de Compostela e residente en Oleiros (A Coruña).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema **Adilen13**, e co título **DESDE MI DEDAL**, cuxa autora é **Dona Nélida Leal Rodríguez** de Cádiz e a obra baixo o título **O FARO**, pertencendo a **Don Francisco Javier Fernández Dávila**, de San Miguel de Oia (Vigo).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.

Premio Poesía



SOFÍA CARRIL CALVO

Nacín en Arcos, pedanía de Vilamartín de Valdeorras (Ourense).

Cursei a EXB no colexio público Xosé Manuel Folla Respino.

Con 19 anos marchei traballar a Burela de camareira nun restaurante.

Voltei ó cabo dun ano e aprendín corte e confección nunha academia, da que teño título.

Pero, non exercín apenas de modista.

Ós 25 anos comecei a traballar nas canteiras embalando lousa, por máis de catorce anos.

Ata que enfermei e tiveron que me incapacitar.

Dende entón, agás un pequeno traballo por horas no sindicato, combino activismo cultural, sindical, político e social sempre que podo.

Versos do outono

Sofía Carril Calvo (Lema: "tecendo verbas")

Meniñas Cegas

Cecais as túas ás xa están crebadas
e ti, soñando ceos, non o sabes,
e ancorada ó chan, batendo a nada,
consúmeste no soño en que pereces...
Cecais, todo é un soño, a primavera,
o cheirume das rosas,
o voo das bolboretas,
as cristalinas augas das ribeiras...

Cecais todo é un soño, e non espertas!
Cecais as túas ás xa estean crebadas
e ó chegar a noite,
o único que ergas cara ó ceo,
sexan as túas olladas,
alzadas no universo que te nega.
Hoxe que aínda soñas alboradas
dende as meniñas cegas....

Marina na beira do mar

Marina na beira do mar,
soñando o que non puido ser!

Marina non quere voltar! Marina na beira do mar, alimentando saudades! Marina non pode chorar, porque Marina non sabe! Ela só coñece o mar, e todo o que o mar lle leva, e todo o que o mar lle trae... Marina, deitada no mar, ollando o ceo chover, ollando o ceo chorar... E sen poderlle valer! Marina na beira do mar, soñando un vello lecer, Marina na beira do mar...

Verbas

Verbas segredas feitas para non ser faladas, que se levan no peito caladas, late-xando en silencio. Verbas que acariñan, por dentro os beizos, verbas que calan ferindo dentro. Verbas, enquistadas no pensamento, verbas privadas de alento, or-fandade dos sentimentos, que percorren, esperanzados, a muda gorxa, e retornan, desanxelados onde se aloxan os sentimentos desafiuzados. Verbas, que quixeran botarse ó ar, saberse ditas, nalgún falar. Verbas escritas na beiramar, que só as ondas poden ollar. Verbas segredas que van no alento, a onde as queira levar o vento! Orfas, espidas e silenciadas, berros calados da vida, que nunca cala.

Souben da túa chegada

Souben da túa chegada, nun murmurio de amor na madrugada. Souben de ti, pranto de deuses, bicando cada herba que de sede devece, aspada e febril, polas túas preces! Souben da túa chegada e funme ate a xanela entusiasmada! Boteime á rúa, sentirte nas meixelas, choiva amada, brincando a beirarrúa e as labradas!!! Souben da túa presenza no alentar do vento, nese alentar senlleiro que fala de fer-venzas cantareiras... Souben de ti, querida compañeira que choras cando a min por ista terra...

Accesit Poesía



Alexander Aguilar López (1975). Poeta, narrador y escritor para niños. Es merecedor de los siguientes premios: Cucalambé de décima escrita (2017), "Parnaso del nuevo mundo", (Perú 2016) "La Milana bonita", (España 2016). Fidelia (2013), premio de décima escrita Cucalambé (2012), premio nacional de glosas (2008), Ala décima (2010), el premio que otorga el periódico Juventud Rebelde en el propio concurso. Ha obtenido menciones en los concursos "La palabra de mi voz (EUA), Fundación de la ciudad de Santa Clara," Hermanos Loynaz. Trabajos suyos han sido publicados en varias revistas y antologías, tales como: Esta cárcel de aire puro, Veinte poetas cubanos, Antología de la décima romántica, El árbol y la cumbre, entre otras. Tiene publicado los libros: "Bajo el Pretexto de los días" con el sello editorial Orto (2009), "Nosotros los cobardes", por ediciones San Lope, en el 2013, "Érase una vez la duda" (Ediciones Bayamo), de poesía para niños, El recurso del miedo y Los hemisferios contrarios. Es miembro de la Unión Nacional de Escritores y Artistas de Cuba.

Baile de Máscaras

Alexander Aguilar López (Pseudónimo: Dylan)

BAILE DE MÁSCARAS

Si esto era la vida me engañaron:
me vendieron hasta el día de hoy
estas treinta y siete migajas de tiempo
contadas una a una por mis ojos,
en esta burbuja prehistórica
que oxida la piel con cada soldadura,
Alguna muerte me acompaña,
algo en mi se evapora a fuego lento:
vivo la exhumación de mis propios cadáveres.
Nada nuevo ha ocurrido hasta el día de hoy
sino este persistir de la costumbre
y el silencio acuciante de mis héroes.
Es tarde para la hora del recuento.
Si esto era la vida me engañaron.

RETORNO

Adónde estabas tú cuando mi madre
socorría el insomnio de estas manos
con su humilde canción de harapos nuevos
en un solo de miedo con violines.
Adónde estabas tú cuando la muerte
apuntaba al invierno de mis ojos
con su filo de asombro inoxidable
y temblaban las piernas de mi infancia.
Adónde estabas tú, oh padre mío,
cuando me abandonaron las palabras
en un ancho agujero de pasado,
cuando el muro infranqueable de los días
cancelaba tus visas de domingo
y este ahora de mí que ya no existe.

VOLVER

Todos los regresos son los mismos,
con los mismos dobles:
un ruido de muertos en la sangre
y una oración trivial de bienvenida.
No vuelvas,
*no te dejes engañar por la nostalgia,**
aunque alguna mitad no tome el vuelo.
No te perdones contemplar la aurora,
no tragues en seco tus pequeñas ausencias
ni compartas el mar con tus sentidos.
Deja que el mundo, a solas, te traicione.
No respire el frío de volver,
que a veces mata.

DE REGRESO A MIS VIEJAS UTOPÍAS

I
Nadie pregunte si regreso o parto
sobre el oscuro de las hojas muertas.
¿Cuál es el rumbo? ¿Cuáles son las puertas?
¿Cuál es el Dios que puede abrir el cuarto?
No es por nostalgia que he sobrevivido,
no es por amor que escribo este soneto:
amé a la muerte y me faltó el respeto,
amé la noche y me sobró el olvido.
Nadie intervenga mis postrimerías,
mis ayeres. Soy solo un transeúnte
que regresa a sus viejas utopías.
Nadie intente saber. Cualquiera apunte
sobre mis largos miedos y alegrías,
no pregunten por qué. Nadie pregunte.

II

Vuelvo a mi piel de oscuras cicatrices,
a una sombra fatal que me derrumba,
a una ciudad manchada en ultratumba,
Pero mamá estaba allí. Mi cabeza era una roca rígida sobre una almohada apenas más blanda, y yo, con el cuello ladeado por quién sabe qué razones, veía, en perpendicular, un pedazo de todo lo que ahora tenía. Y, al parecer tenía, seguía

teniendo, a mamá. Vestida como si fuera una anciana, seria, enhiesta, con zapatos planos. A veces aparecía y desaparecía de mi vista, mi ángulo de visión me regalaba entrecortadas escenas de una mujer desconocida, y en el silencio ominoso, rotundo, en el que estaba sumergida, la memoria parió su prolongada y acaso voluntaria mudez y se abrieron paso, avasalladores, los recuerdos y, con ellos, las verdades, las crueles y desnudas verdades que yo no había querido enfrentar antes.

No sabía cuánto tiempo había pasado.

Estaba viva.

Mamá era una intrusa de mirada tan apagada como la mía.

Estaba viva.

Dónde estaban mis hijos, qué había sido de ellos.

Estaba viva.

Qué les había hecho, en el nombre de Dios. Cómo podía haber sido tan egoísta.

Estaba viva.

Había querido matarme y estaba viva.

Hoy mamá ha entrado como un vendaval. Normalmente, cuando entra por la puerta, su primer gesto siempre es una caricia sobre esta frente que adivino pálida y quizá algo más arrugada que antes, a pesar de que fruncir el ceño resulte, en mis circunstancias, poco menos que una fantasía irrealizable. Igual de irrealizable que este deseo de dejar ver mi perplejidad, de mostrar curiosidad por el motivo de que mamá me haya ignorado. Incluso una urgencia fisiológica me sabe a poco para justificar la indiferencia de la única que se ha mantenido siempre imbatible junto a mí, junto a mi dedal blanco y verde, como si yo fuera la Begoña de antes y ella, la madre inmutable.

Sólo por esta mujer menuda, por las risas de mis hijos, que comencé a oír mágicamente un día glorioso, y por la seguridad de que, por grande que fue mi pecado, ha sido aún más inmensa la absolución, he resistido este sucedáneo de vida dentro de mi dedal. He soportado que las enfermeras me asean como quien desprende el líquen de una roca húmeda y resbaladiza, que me manoseen y me volteen como si fuera un pedazo de carne en manos de un chef, que distintos individuos de bata blanca se paseen delante de mi ángulo de vida, por una especie de compromiso que no pueden eludir, y le cuenten a mamá que todo sigue igual. Nadie, hasta donde yo sé, y sé que sé muy poco, ha percibido, en apariencia, al menos, que ya no soy un maniquí petrificado. Hace mucho tiempo, tanto que en mi nueva vida se ha convertido en costumbre, en que las rutinas perpetradas contra mi

Mención de Honra Narrativa

cuerpo dejan entrever claramente que no esperan ninguna clase de cambio en mí. Y sin embargo, se equivocan, a menos que esto sea realmente un coma, y el coma sea un lugar donde quepan los sueños, y sueños hayan sido todos recuerdos que he atesorado en mi dedal, esperando poder conservarlos para siempre: un día vi a mamá frente a la pantalla de un televisor donde un hombre preparaba croquetas; otro día noté el hálito débil, casi imperceptible, de uno de los besos que esa misma mujer me daba de continuo; otro, el silencio se deshizo como si jamás hubiese existido, y penetraron en mi cabeza todos esos sonidos que hasta ahora no eran más que recuerdos de una existencia perdida. No sé qué está ocurriendo en ese córtex cerebral que incontables veces he oído explicar que es irrecuperable, no sé si me merezco este despertar que no acaba de romper del todo en la quietud eterna de mis pupilas, sé que sigo pareciendo una figura inerte e insensible sobre el dedal, pero, entre la bruma, en esa niebla asfixiante que sin previo aviso me atrapa y vuelve a sepultarme en un limbo sin tiempo, cada vez más pedazos de realidad se revelan ante mis ojos inmóviles, cada vez más a menudo percibo que ha pasado menos tiempo entre un pedazo y otro, cada vez me enredo menos en esa muerte en espera donde he pasado un número impreciso de años, y asomo, sin que nadie se dé cuenta, una cabeza de esfinge sobre mis nuevos días, sacudida, a pesar de mi quietud, por sentimientos y emociones que creí que ya nunca regresarían a mí. No tengo más que un cuerpo inmóvil y un ángulo de visión limitado con los que jugar a creerme un ser humano, pero he aprendido que, tras un acelerador asesino y una mente trastornada, las prioridades cambian. Viviría eternamente esta existencia de estatua con intervalos breves de lucidez con tal de seguir escuchando la risa de mis hijos, con tal de ver a mamá pasearse vestida de zíngara, indiferente a la muda censura de mi padre, con tal de poder seguir aferrándome a que prefiero ser una nueva mujer a medias que la mujer completa que fue capaz de abandonar a sus hijos por un capricho que nunca mereció la pena.

Mamá ha salido del baño, y constato con estupor, aunque sé que nadie podría adivinarlo en mi rostro, que ha estado llorando. Mamá aparece y desaparece frente a mí, y de repente mi mundo se descoloca momentáneamente y veo la habitación donde he consumido un tiempo inconcreto desde una perspectiva diferente. Mi cabeza, que siempre acababa algo derrumbada sin remedio hacia la izquierda, fuera cual fuera la posición en que me la colocaran, se mantiene derecha y firme, mamá la sostiene con una mano de uñas rojas mientras con la otra coloca ante mí un espejo. Me habla. No es la primera vez que lo hace, no es la primera vez tampoco, por desgracia, que verifico en un espejo el alcance cruel de mi deterioro, pero sí es la primera vez, si es que soy capaz de recordar algo de veras, que mamá pronuncia unas palabras inexplicables.

- Mírate bien, Begoña, porque ahora te voy a maquillar y luego no te vas ni a reconocer. Quiero que hoy estés guapa, cariño. Hace mucho que no te arreglas de verdad, y hasta que puedas hacerlo tú, mira lo que he traído.

Y mamá pasea ante mis ojos muertos todo tipo de cosméticos, mientras me cuenta trivialidades, tonterías, como una madre cualquiera con una hija cualquiera, como si en lugar de una máscara inexpresiva que no puede responder ni con un parpadeo a sus comentarios, ambas disertáramos de lo humano y lo divino en un parque, al otro lado de los cristales que separan mi dedal blanco y verde de la vida real que yo desdeñé por una majadería fruto de la desesperación.

De vez en cuando, noto un brochazo cosquilleante sobre mi piel, sobre mi sensibilidad a medio renacer. Mamá, aunque finja tratarme como la Begoña que fui, se maneja rauda y algo bruscamente sobre mi epidermis poco acostumbrada ya a estos tratamientos, a sabiendas de que no alzaré una mano para quejarme, de que soy incapaz de protestar. No me importa. Lo que quiera que sea que haya recobrado de mi capacidad de percibir, está alerta, inquieta... ¿nerviosa? ¿Es posible el nerviosismo en un cuerpo desmadejado que parece una muñeca a tamaño natural?

- Ahora van a venir los peques, cielo. Así que te lo voy a contar ya, que sé que tendrás curiosidad... Es mejor que ellos sólo conozcan lo fundamental, no vaya a ser que no salga bien, aunque va a salir bien ¿verdad? ¿Estás nerviosa, mi vida?

¿Cómo puedo decirle a mamá que sí, que lo estoy, que mi envoltura sin movimiento está ansiosa por saber, por descubrir la razón de la confianza que tiene en mí una mujer que lleva años contemplando a una hija convertida en cera?

Y entonces se me revela el misterio de aquella pantalla negra donde mamá se sumergió hace un tiempo impreciso. Mamá, la mujer que leía cartas y posos de café, que miraba la luna y escribía extrañas anotaciones en una libreta de hojas amarillas, la mujer que vistió todo el luto que era capaz de vestir cuando no se atrevió a desmentir la evidencia de mi condena, y la mujer que una tarde, después de un programa de cocina, contemplando una oscuridad insondable donde sólo se reflejaba el reverso de la habitación y el dedal donde su hija languidecía como una fea durmiente, vio lo que nadie había visto hasta entonces.

Que yo no era la misma. Que había una diminuta luz de entendimiento en mi mirada, incluso en lo que podía vislumbrarse, en tonos de gris, sobre aquella pantalla. Mamá vio que mi mirada se posaba en ella, quieta e inexpresiva en apariencia, pero sólo en apariencia. Mamá adivinó que yo no estaba del todo en aquel limbo sin nombre donde todos daban por hecho que me sumergiría para el resto de mi vida, donde ella misma me había visto perderme innumerables días antes de aquél que lo cambió todo.

Mamá comprendió. Y aquella misma tarde, me cuenta, arrojó el bolso negro y los zapatos planos a la basura. Su hija iba a volver, su mirada se lo había dicho. Y ella ya no tenía que guardar luto por nadie.

En las infinitas jornadas en las que yo fui renaciendo, a escondidas, mientras todo mi ser reflejaba el cotidiano aspecto de momia, mamá no se limitó a recuperar del armario sus túnicas de colores, sus pulseras centelleantes, los pendientes largos que tanto irritaban a papá y aquellos tacones que devoraban baldosas como rojos cocodrilos. Investigó, preguntó, indagó y, a espaldas de todos, incluidos los individuos de bata blanca que continuaban asegurando, impasibles, que lo que quedaba de mí era lo que siempre quedaría de mí, me fue sometiendo a pequeñas pruebas inofensivas, apuntando de nuevo en su libreta de hojas amarillas, en lugar de la hora de las mareas y el encuadre de las constelaciones, si mis pupilas se dilataban o no, si se me elevaba el pulso al ver a mis hijos, si mi mirada se perdía en el vacío una, dos o diez veces al día, y cuántas otras se detenía, aparentemente sin propósito, sobre la misma esquina de la repisa donde estaban las fotos que ella movió para que quedaran encuadradas en el pequeño ángulo donde siempre acababa reposando mi cabeza. Mamá me aplicaba crema hidratante en la cara y en las manos, y se detenía en contar mis pulsaciones y a apuntar mi temperatura, y, con una frecuencia estudiadamente establecida, pinchaba con un alfiler las zonas de mi anatomía donde le habían indicado que debía constatar el avance, en sí inexplicable, de mis conexiones nerviosas.

Una mañana, en la que yo la contemplé inflar incontables globos y luego explotarlos, para regocijo de mis hijos, a intervalos que ahora sé que eran calculados, ella descubrió que yo oía, y que mi corazón elevaba rápidamente sus latidos cuando mis pequeños pronunciaban “mamá” en medio de sus carcajadas.

Poco a poco, la libreta de hojas amarillas fue completándose con mis logros y miserias y mamá compró otra de hojas violeta que ahora, eufórica, me muestra.

- El doctor me ha dicho que es suficiente, que estás preparada para el siguiente paso, cariño. Tu padre no me ha dejado hacer nada más hasta ahora, pero nada impedirá que tú tengas tu oportunidad, eso te lo prometo. Mañana mismo te trasladaremos a una unidad especial, en un hospital, y ni siquiera tu padre podrá evitarlo. Él mismo me colocó a mí como máxima responsable de tu salud, en ese afán egoísta que tiene de no preocuparse por nadie y menos si, según él, hiciste algo imperdonable. Mucho mejor, mi amor, mucho mejor, no te mortifiques por él. Las siguientes pruebas te las hará un hombre maravilloso que me ha guiado todo este tiempo, y a partir de mañana él, y sólo él, el neurólogo más aclamado de esta parte del mundo, se encargará de ti. Dice que podemos intentarlo, que tú sola has logrado mucho y eso abre varios caminos, mi niña, dice que es posible...

Mamá no puede continuar. A ráfagas de llanto y palabras entrecortadas, empapando el embozo de este dedal blanco y verde que, al parecer, voy a abandonar mañana, me dice, a trompicones, que se han re-establecido ciertas conexiones, que se ha producido no sé cuál reajuste neuronal o químico o qué sé yo dentro de esta cabeza paralizada, y que pronto hurgarán en mis ensimismados

adentros para tratar de que, cuanto menos, sea capaz de devolverle la sonrisa eterna con la que ella se vistió el día que mi reflejo sobre el televisor le contó que quizá era posible que ese 0.1% de posibilidades de regeneración cerebral del que tan rápidamente me habían descartado, pudiera honrarme a mí con su reducido cupo de esperanzas.

En ese momento, mientras la carcasa bajo la que yo tiemblo trata de asimilar lo oído, mi David y mi Pablo, vociferantes y acompañados de un hombre desconocido, irrumpen en mi habitación. Saben que mañana me voy a un lugar mejor donde un señor muy bueno ("este señor, mami, ¡este señor es médico y a lo mejor te cura!) se encargará de mí y abrirá las compuertas de la esperanza. Como monitos impetuosos y alborotadores, trepan por los costados de las sábanas de mi dedal, se suben sobre mí y me besan, conciliando su vigor infantil con una prudencia aprendida para no hacerme daño que, si mamá pudiera verificarlo ahora, ha hecho que mi corazón se esponje dentro del pecho y baile un dislocado ritmo bajo mi esternón. Mis pequeños sabios, capaces de contener su impetuosidad y energía para no lastimar los despojos que yo les obligué a llamar "mamá". El orgullo de saberme la artífice de estos dos milagros recorre mis venas como un elixir de vida, mientras les oigo revolotear como aves exóticas sobre mi descarnado yo, mientras les escucho empezar ya a competir entre ellos, rebosantes de esta tierna virilidad henchida de prematura testosterona de macho alfa, para tener el honor de ser el primero en contarme lo bien que juegan al fútbol, o enseñarme sus dibujos, o presentarme a sus amigos del cole...

Y es entonces, a pesar de que sigo siendo una figura enhiesta y severa sobre la almohada, aunque sólo soy, quizá para siempre, la réplica maquillada de esa muñeca desarticulada que llevo años siendo, cuando sé que es posible. Que Dios, o el Diablo, quien quiera que me retuvo en este dedal durante todos estos años, merecida o inmerecidamente, me perdone mi único e inconsciente acto de egolatría, de creerme omnipotente y poderosa. Porque he encontrado dentro de mí esa certeza de que puedo creer, de que puedo tener fe, de que podrá llegar el día en que seré capaz de devolverles la sonrisa a mis hijos y apreciar el ritmo constante de su previsible y aun así mágica conversión en hombres. No es que me haya dejado engañar, contagiada de este ardor esperanzado que mamá ha conseguido despertar en mí, sino que tengo una prueba, una prueba para confiar ... y es que he notado, húmeda y ardiente, sobre algún lugar incierto pero cercano a mi ojo izquierdo, la evidencia palpable y asombrosa del milagro definitivo que al fin me permite creer:

Una lágrima.

Mención de Honra Narrativa



FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ DÁVILA

Fran Fernández Davila, (Vigo, 1974) é un enxeñeiro e MBA en Responsabilidade Social Corporativa que leva case vinte anos traballando no mundo do frío industrial. O seu particular estilo de escrita fai que a súa prosa estea inzada de imaxes poéticas, que utiliza a modo de améndoas na elaboración do seu relato.

Foi gañador, entre outros, do **V Concurso Microcortorelato** de Vigo e tivo a honra de ser distinguido no **IV Certame de Relatos Vigo Histórico** e no **XIV Concurso “Dillo a quen maltrata”** do concello de Lalín por un relato en contra do silencio cómplice.

En 2017 saíu vencedor do **XVII Certame de Novela por Entregas de La Voz de Galicia**, que derivou na publicación da súa primeira novela coa Editorial Galaxia, “A senda de sal”.

No ano 2018 gaña, ao mesmo tempo, o **Primeiro Premio de Relato Curto** e **Primeiro Accésit de Poesía da Universidade de Vigo**. Tamén vence no **XVII Certame Antón Avilés de Taramancos**, en Noia, cuxa culminación é o seu segundo libro “Alana” publicado pola Editorial Toxosoutos.

O Faro

Francisco Javier Fernández Dávila



Conto de mar espeso

O suceso

O mercante escoraba na costa, ferido, confuso, abarloado pola noite á tormenta e á ruína. As ondas, esmiazadas contra as rochas, amosaban curiosas a súa cara de espuma por entre as fendas do casco. Na cuberta, os focos tremelucientes proxectaban chorros de manteiga que se raibaban na choiva fina acabada de aparecer. Máis arriba, o limpaparabrisas xigante da sala de control barría os miolos de marmelada do capitán, eses que decoraban con pena a parte interna do cristal da ponte.

Fóra de foco, un campo metálico de contedores para transporte marítimo renxía inharmónico, agonizaba ao redor dun faro torto e sen vida. Dentro dun deles xacía o cadáver dun home sen sorte, enterrado nunha grea de sacos de cocaína e abaneado a destempo pola noite e a marea.

A declaración

No xuízo, a muller amosouse fría e distante, coma embebida en diazepam. Deixaba os ollos baleiros, pousados ao lonxe. Voaban nos mares que adoitaba acariñar o seu home mentres ela retorecía océanos de soidade e sabas de liño. Confesou que coñecera ao fareiro unha noite que conducía á valga. Esperaba polo barco do seu marido, que aínda tardaría días en chegar. Recoñeceu que, ao principio, non se deixara persuadir polas torpes artes do torreiro misterioso, e que só quería acurtar o seu inverno. Sen embargo, chegada a primavera, sorprendeuse impregnada dun aroma a flor de sal que nin a poalla fresca nin as caricias líquidas do esposo podían desincrustar da súa pel cristalizada. O verán chegou e quedou para sempre. Buscaba ao fareiro a cada momento, en cada curva pechada do reloxo, por cada un dos recunchos do tempo que as escusas lle amosaban sen vacilar. Xa non o amaba só nas ausencias do seu home, amáboo sempre, e nada máis atendía ao capitán nos intersticios do día en que a febre lle deixaba razoar; esa mesma febre que agora podrecía con ela no banco dos acusados, esa que se estendía polo seu corpo coma un cancro devastador.

Nos petos do capitán acharon unha nota mollada en whisky. Gravada con saña, berraba por letra de morto que non aturaba a traizón da muller. Esa que recoñeceu a man do seu cónxuxe

no papel asfixiado por unha bolsa de plástico que amosaba o fiscal. Díxose na vista que o home soubera dos amores co fareiro unha mañá setembro que espertara cedo, antes do sol, e que decidira seguir á súa muller á lonxa. Ela saíra para comprar peixe fresco, do que chega aínda apurando a vida a bocalladas nas patelas dos barcos. Planearan facer unha caldeirada de rape, pero el erguérase coa idea de sorprendere aos invitados cun pouco de marisco. Non a atopou no porto. Preguntou, e un dedo descarnado sinalou o faro no outro lado da rada.

Interrogadas polo fiscal, as veciñas aseguraron que o marido chegara a casa á hora do Ángelus, branco coma a Virxe, e soltando apocalipses pola boca. Pola tarde escoitáranse berros e algúns golpes nas paredes. O home non remataba de atender ás razóns que lle tecía a súa muller. Ao final, disque decidiu estampar o seu buque contra a torre de tres ollos para que a perfidia se avelloase ao aire purificador. Pola noite quebrantou a vixilia da esposa e, sen que ninguén o soubese, fixo ao navío cruzar a baía. O mercante morreu no cabo, aos mesmos pés do faro, desmantelado polos anos e os tratantes de chatarra.

O fareiro foi atopado morto no interior dun contedor de cocaína, rebozado coma unha faneca un segundo antes de fritir. A súa amante namorada, a muller do capitán, a acusada no estrado describiu con detalle como accedeu ao barco encallado para tentar salvar a vida dos posibles tripulantes. Viuno saltar a varanda e subir ás escadas que levan á ponte. Ao pouco escoitou ao mar e non soubo nada máis. Un intre despois, a colosal masa de ferro escorou, e decenas de enormes caixas metálicas caeron sobre o cabo, por entre as rochas, en col das ondas maliciosas que se resistían a morrer machucadas polo infortunio. Alí debeu de afogar o seu querido, supuxo, naquel río de aceiro que se precipitaba ao mar dende a cuberta.

Os informes

Os peritos do seguro fixeron un informe pormenorizado. O barco encallou no cabo de forma tanxencial, e recibiu unha fenda en toda a lonxitude da amura de babor. De acordo coa declaración do experto contratado, en ningún momento a nave enfilou a proa cara o faro, aínda que si parecía inmersa nunha manobra de evasión. De calquera forma, nada tería pasado se a luz da torre continuase acesa.

Pese a nota chea de agardante, non acharon rastros de etanol nas veas do capitán, e incluso a escrita utilizada parecía unha acusación máis que unha despedida. O informe policial, anexo ao do seguro, non atopou pólvora nas mans do kamikaze. Non se disparou a si mesmo, senón que alguén o matou a sangue frío.

As gravación das cámaras amosou unha sombra forzando a entrada no faro. Enchía con dificultade un vestido longo e vaporoso, que máis ben figuraba un camisón de seda de damasco. Non houbo violencia, a porta abriuse ante os pasos dun amigo. A pantasma subiu a escada con cautela e, uns minutos despois, o cabo quedou ás escuras. Apremada polo fiscal, a dona do mariño recoñeceu nas pantallas, e coa mirada en orballo admitiu que sabotara a liña. Desexaba evitar a toda costa que o mercante atopase o camiño da torre, e que botase abaixo a soidade que compartía co seu gardián.

Nas conclusións finais, o fiscal acusou á muller de conxurar co fareiro defunto. Xuntos apa-

garían o faro para que o navío naufragase en contacto cos farallóns e o capitán afogase pechado na ponte. Pero o buque non deu afundido e o fareiro viuse obrigado a subir a bordo para dispararlle na sen. Despois púxolle a pistola na man. A mala sorte quixo que, na fuxida, fose arrastrado polo corremento da carga, e que acabase, por casualidade, nun contedor de cocaína que quedara sen entregar.

Identificouse a droga; procedía de Sur América. Atribuíuse aos colombianos que aduanas levaba anos a perseguir. Tentáranos de formas infinitas, de modo que se chegaran a comisar infinitos envíos. Por desgraza, a estatísticas aseveraba que, por cada quilo apresado, pasaban dez. Barcos, persoas, avións, submarinos, todo valía.

A acusada, a esposa do capitán, a noiva do fareiro, a muller infiel e solitaria, a bolboreta deconstruída en bagoas polo tempo e o proceso xudicial, todas elas foron absoltas por falla de probas.

O propio fiscal recoñecía, no seu círculo mais íntimo, que os indicios eran circunstanciais, e que o seu discurso narrativo nacera coma un elixir pernicioso de conxecturas mal fundadas. O que nunca saíu da súa boca foi o motivo polo que aceptara o caso. Ese segredo morreu con el anos despois, baixo unha embolia masiva de ancianidade avanzada. Tomara a decisión nun microsegundo, mentres lía o expediente, no xusto momento en que imaxinou o tacto frío do canón da pistola na sen do capitán, no preciso instante en que lle tornou á mente o frasco baleiro a carón da almofada da súa filla adolescente. Ese segredo levaríanos os dous á tumba.

A sentenza

O faro pendía do ceo cun fío invisible de dignidade e enteireza. A brisa mesturábase nun cóctel co aroma da herba e o mar. Xuntos os tres, suavizaban a dura base granítica da costa. María abriu os narnos e aspirou con forza a humidade do cabo, coma se quixera xear o seu corazón cun pequeno furacán interno. O xornal que levaba na axila falaba dela. Contaba unha historia de vello que non se adaptaba aos tempos actuais, á realidade de loba que compartía o seu segredo. Doeulle a cabeza, e por un intre imperceptible pareceu marearse e extraviar o equilibrio. Rescatouna de novo o vento, con pequenas labazadas de xeo que lle recordaron onde estaba e para que.

Fíxose noite moi axiña, cunha escuridade inesperada e prematura. Pensou no día da morte do seu marido, e comezou a correr polo cabo, sobre a herba, máis alá do faro, por entre as rochas e os restos metálicos de naufraxio que sobrevivían no esquecemento. Correu coma se fuxise do mundo, do seu marido, da torre e do seu habitante, do xuízo, do fiscal, e dunha sentenza absolutoria á que ninguén lle daba creto. Correu como se esa noite quixese cear co díaño. Correu cara o mar.

Unha lancha motora de gran potencia abarloouse á rochas. Conducíaa un home intenso, de brazos fortes e complexión morena. Ela subiu a embarcación e, a reloxo parado, sacoulle un bico profundo e severo. Despois amarrouse ao seu torso e deu a orde de partir.

A esposa do capitán, a muller infiel e solitaria, a amante do fareiro, a acusada absolta, a asasina verdadeira, a xefa do clan dos colombianos, a bolboreta de ferro, todas elas sorriron e perdéronse no horizonte á busca da próxima descarga.



Manuel Rodríguez López
Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: **"POEMAS POPULARES GALEGOS"** (1968), **"SAUDADE NO BULLEIRO"** (1970), **"SOLDADA MINIMA"** (1979), **"ONTE E HOXE VIVENCIAL"** (1995), **"A ATLANTIDA"** (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer, **"MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA "** (2009), e **"MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. ANTOLOXIA POETICA"** (2014). En prosa: **"REENCONTRO COA ALDEA"** (1983), **"GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982"** (1983), **"GALEGOS EN CATALUNYA-2"** (1985), **"VIAXES CON ANXEL FOLE"** (1988), **"FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989"** (1989), libro-programa das festas e **"VOLTA A ESPAÑA A PE"** (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan **"HOMAXE O CHE"** (1970), **"A NOSA TERRA"** (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), **"HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO"** (1976), **"GALICIA NO ANO 1979"** (1979), **"JOSE M^a ACUÑA"** (1983), **"OS ESCRITORES LUGENSES ARREDOR DE FOLE"** (1986), **"VOCES POETICAS"** (1987), **"PARADELA Y SU CONCELLO"** (1990) e **"ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA"** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como **"Gran Enciclopedia Gallega"** (ver tamén o apéndice I), **"Medio cento de galegos e Rosalía"** (1983), **"88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes"** (1983), **"De Pondal a Novoneyra"** (1984), **"Diccionario de escritores en lingua galega"** (1990), **"Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975"** (libro e vídeo, 1993)

Fillo predilecto de Paradela

“Diccionario da literatura galega. I. Autores” (1995), *“Diccionario de Fole”* (1997), *“Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya”* (1999), *“Vida e obra de Manuel Rodríguez López”* (2000) e *“Manuel Rodríguez López, 25 anos despois”* (2018)

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trascos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas *“TI ES ETERNO”* e *“NEOPLASIA”*, respectivamente; o Premio Xosé M^o Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con *“A EMIGRANTE”* e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra *“NOITE DE NADAL”*.

En prosa, coa peza teatral *“VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”*, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trascos os seus contos *“A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASCOS”* (1977) e *“QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO”* (1986) e, en Baracaldo, *“BAIXA VOLUNTARIA”* (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas* e *Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de *Faro de Vigo* e de *El Ideal Gallego* na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de *El Progreso de Lugo*, *La Voz de Galicia* e *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en *Radio Nacional de España* en *A Coruña* e *Radio Popular de Lugo*.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e Mary C. Otero Rolle musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado *“Fillo Predilecto do Concello de Paradela”* e *“Lucense del año 1989”*. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela *“Manuel Rodríguez López”* e, no ano 2001, o novo *“Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López”* tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Os seus restos mortais descansan no Panteón de Paradelenses Ilustres no cemiterio de San Miguel de Paradela. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, organizado polo Excmo. Concello de Paradela. No ano 2014 foi nomeado *“Socio de Honra do Centro Galego de Barcelona”* a título póstumo.

Máis información na web oficial de Manuel Rodríguez López:
www.manuelrodriguezlopez.org/

O bonete do trasgo

O que vos conto sucedeulle ó señor Camilo de Riba Dios o teña na gloria da parroquia de San Vicente, lugar montesío de soutos mestos e carballeiras vizosas, a unha légua escasa do río Miño.

El era un home moi amigo de conversar e, nas xuntanzas cos veciños nas rogas, na mata do porco, nas mallas, na esfola do millo ou nas longas noites de inverno a carón da lareira, endexamais podían faltar os seus contos que, segundo el, eran historias verdadeiras.

"Canto vos digo asegúrase son feitos que pasaron. Cóntovolo para que vos saibades desenvolver se vos sucede algo semellante".

Andaría eu nos oito anos cando lle oín contar a "historia" do bonete do trasgo. Foi na casa do Ernesto de Cabo, unha tarde de moita fogaxe, no mes da seitura.

Ó rematarmos de merendar, os da roga e os pequenos ficamos barados cando nos contou o que lle sucedera co raio do trasgo. Eu non teño gracia nin memoria; pero do caso que alí contou lémbrome ben, debido, quizais, ó remate inesperado da "historia". O trasgo non vos é tan ruín como se pensa.

Unha noite, de volta ó muíño de Barrido para a casa, que por certo estaba fronte por fronte da igrexa, deu en chover a ballón e, en chegando diante do cruceiro, unha voz roucona berrallou:

"Vou vou".

E o bo do señor Camilo colleu tal arrepío que fuxiu decontado polo lameiro do crego enzoufándose todo ata os xeonllos. ¡Deus sabe o apuro que el pasou!

Cando se tranquilizou e deu entrado na cociña terrea, prendeu lume, muxiu a marela, fixo unhas papas e, namentres estaban a enfriar, sentiu gralear as pitas.

¿Que demoros pasa? pensou e seguiu cazoleando e remexendo pola cociña. Ós poucos, oíu gralear as pitas de novo e foise ó poleiro vendo, con extrañeza, que durmían sen novidade. Asegurouse de que pasara o ferrollo á porta, botoulle unha presada de herba á vaca e voltou á cociña para cear.

Ficou aglaiado:

¡Un cadelo estaba lapando as papas!

¿Por donde entrara o diaño do can?

O coitado señor Camilo enrabeouse todo e, el que lles tiña moita teima ós

Fillo predilecto de Paradela

cans dos gatos xa nin falar antes de botar ó animal fóra da casa, ocurriúselle atarlle unha valdeta vella ó rabo. "Para que escarmentes berrou pero non puido logralo porque o cadelo non paraba quedo. Logo tentou escorrentalo a paus, mais non había xeito de lle poder bater. Canso de pelexar co diaño do can, a Deus gracias que se lle ocurriu guindarlle ó fondo do corgo un oso que tiña para cocer o caldo do día seguinte. Daquela, o can fuxiu a escape polo oso e o señor Camilo aferrollou ben a porta e foise deitar.

Á media noite, por mor dun peso que lle esmagaba o peito, espertou alporizándose todo ó se decatou que un home estaba enriba del.

Moito loitou para se ceibar do condenado; pero non había xeito de se desleñar del. O bo do señor Camilo estaba anegado en sudes e, por máis que facía, non lograba chompar de enriba o home que seguía tal cal e nin rebuliu. Afellas parecían cousas do demo.

Arrabañouno todo, deulle de losqueadas, adentouno e ata lle pregou por amor de Deus e os Santiños que o deixara ceibe, pero nada. O home seguía tal cal pre-méndolle o peito.

O señor Camilo xa se daba por perdido cando tivo o acerto de lle botar as mans ás guedellas. Aquelo foi un milagre. En troques de pelo, o que agarrou foi un bonete coma o que gastan os cregos e, no intre, o home sumiuse.

Inda lle costou ben prender o sono; pero antes de romper o día volveu espertar alporizado por uns ruidos que viñan da palleira.

Era tal o medo que tiña que non se atreveu a saír do leito. Acochouse ata a cabeza e alí estivo en agarda de que saíra o sol oíndo de cando en vez renxer de ferranchos. Xa era día grande cando se achegou á palleira e bateu cun home pequerrecho que andaba a remexer nos apeiros.

¿Ti que fas aquí?, berroulle.

E contestou o home:

Son o trasgo. Eu fun quen berrou "Vou Vou" e, sen querer, o causante de que te enlamaras deica os xeonllos no prado do crego. Fixen gralear as pitas para, namentres, coller figura de can e laparche as papas porque tiña fame. Logo quixen durmir na túa cama, pero é tan estreita que non couben, de modo e de maneira que boteime por riba de ti. Son un trasno novo que gusta de facer trasnadas collendo figura de vello, de animal ou de mozo, segundo me conveña para divertirme coa xente. O que che prego, agora, é que me devolvas o bonete, porque, sen el, non me deixarían entrar no inferno.

O señor Camilo, cheo de aglaio, non sabía qué facer. Pasoulle pola idea coller a machada, pero decatouse axiña que ía perder o tempo. O único que podía valerlle era a medalla bendita que, para maior fatalidade, perdéera choutando polos prados do crego.

Cavilouno ben e díxolle:

Se queres o bonete, véndocho.

Trato feito, respostoulle o trasgo, fuxindo a escape pola corga abaixo.

Deus sabe onde el iría polos cartos para mercarlle o bonete, que, ós poucos intres, chegou alasando pola carreira cun sombreiro cheo de pesos de prata. Hai quen asegura que llos foi pedir emprestados ó irmán do crego, don Anselmo, o home máis rico da parroquia, coñecido moitas léguas á redonda porque tiña sacado de apuros a moita xentiña, inda que cobraba os réditos algo careiros. Tampouco faltou quen sospeitara que os pesos de prata aqueles tíñaos agachado, don Anselmo, debaixo do penedo que hai no cimo da horta da súa casa, camiño do Sagrazal. Se tal fora certo, a amoladura que levou foi grande. Non había maneira de denunciar o roubo porque, rematada a guerra, saíra un decreto que obrigaba declarar a prata e trocala por papel moeda e el non o fixera.

O caso foi que o señor Camilo quedou coa prata el amañárase para cambiala ou vendela a coleccionistas e o trasgo novo recuperou o seu bonete. O que non pode asegurar é a procedencia da morea de cartos que xuntou.

Ó despedírense, o trasgo non disimulou o seu enoxo nin pouco nin moito e berrallou:

¡Endexamais voltarei a ter tratos con vostede porque aínda é máis zorro ca min!

Deste xeito foi como o señor Camilo de San Vicente mercou outra vaca, un nabal grande e a leira dos Chaus. Debeu costarlle un bo capital pero nunca se soubo a cánto subira. Cando morreu, falouse de que un sobriño seu, emigrante en Catalunya, que chegou a San Vicente cando estaba nas últimas, aínda empetou unha boa presada de pesos.

¡Que boas lembranzas teño do señor Camilo de Riba! As primeiras ameixas da súa horta sempre eran para min e non había día que non voltara el de Sarria, da Feira do Quince, de Paradelas, ou do Vinteseis, de Currelos, que non me trouguera un pequeno agasallo; pero o que máis lle agradecía eu sempre eran as roscas e os melindres de Sarria.

Hai quen se malicia que tamén eu herdei ben pesos de prata. Non é certo. Canto teño, gañeino co meu traballo.

¡Quen me dera a min atoparme co trasgo novo! Non terei esa sorte, pois, como vistes, quedou escarmentado.

Manuel Rodríguez López

Do libro "FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989"

Arrenega con forza
muller galega!

Espreita o mundo ruín cheo de inxusticia
que te arrodea!

Esgana os ladroeiros!

Se te aguilloan, berra!

Os feixes de outonizo os teus cabelos
triparon dende nena.

O toxo arrabuñou
a túa branca perna.

Enlixáche-las maos
no estrume da esterqueira
e os teus cuadrís, dende meniña, anícranse
para acadar o froito dista terra.

Casaches cun escravo,
décheslle o teu amor, e á súa beira,
removendo terrós, criando pequenos,
xa chegaches a vella.

Hai leis no mundo?
É certo que unha luz no ceo latexa?
Cando alumará nistes peitos ermos
isa candea?

A probe Rosalía fai cen anos
con amor acendeuna;
mais a negrura
é pecha.

O seu brillo aduvíñase;
pero non queima.

Arrenega ben forte!

Rompe as cadeas!

Camiñaron teus fillos pró estranxeiro
e, co teu home, vello e ti xa vella,
namentres iles loitan polos sábados,
no barrelo arrolades unha neta...

Embázanse os ollos,
muller galega!

Cada enruga, un degaro.
Cada caña, unha pena.
Os ollos, de chorar,
afundidos na testa...

De Rosalía a luz
por que non queima?

Maldice o mundo ruín cheo de inxusticia!
Rompe, rompe as cadeas!

Manuel Rodríguez López
Dos libros "POEMAS POPULARES GALEGOS"
(Editorial Celta, 1968)
"MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA"
(Edicións Espiral Maior, 2009)
"MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. ANTOLOXIA POETICA"
(GaliciaDigital, 2014)



CONCELLO DE
PARADELA



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

